

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

RESOLUCIÓN do 19 de xullo de 2022 pola que se conceden as subvencións convocadas ao abeiro da Orde do 1 de decembro de 2021 (Diario Oficial de Galicia número 238, do 14 de decembro) de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia, con cargo á Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento MT975J).

Mediante a Orde do 1 de decembro de 2021 (DOG núm. 238, do 14 de decembro) a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda fai públicas as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e procédese á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva por anticipado de gasto para o ano 2022 (código de procedemento MT975J).

Segundo o establecido no artigo 16.4 das citadas bases reguladoras, coa finalidade de garantir o cumprimento dos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación, de conformidade co previsto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas outorgadas ao abeiro da orde antes referida, expresando a convocatoria, programa e aplicación orzamentaria a que se imputen, os beneficiarios, as cantidades concedidas e a finalidade da subvención.

As axudas convocadas ao abeiro desta orde financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

En consecuencia,

RESOLVO:

Publicar as axudas que se relacionan nas táboas que se acompañan como anexo I (beneficiarios) e II (non beneficiarios), concedidas ao abeiro do seguinte:

a) Normas reguladoras da convocatoria:

- Orde do 1 de decembro de 2021 (DOG núm. 238, do 14 de decembro) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Gali-



cia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva por anticipado de gasto para o ano 2022 (código de procedemento MT975J).

b) Aplicación orzamentaria: 08.02.541D.760.1, código de proxecto 2022 00035.

c) Finalidade da axuda: a modalidade de axudas previstas nesta orde ten por obxecto o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal. Son liñas subvencionables as seguintes:

- Liña 1. Aceites: proxectos de implantación ou mellora da recollida separada de aceite de cociña usado xerado no ámbito doméstico, do comercio e servizos, para destinalo a valorización para a obtención de biocarburante.

- Liña 2. Téxtiles: proxectos de implantación ou mellora da recollida separada da fracción de residuos téxtiles dos residuos municipais para destinalos a preparación para a reutilización ou reciclaxe.

- Liña 3. Puntos limpos móbiles: proxectos destinados a favorecer a prevención, a recollida separada e a adecuada clasificación de fluxos especiais de residuos municipais a través da adquisición de puntos limpos móbiles para a mellora e ampliación dos servizos prestados pola rede galega de puntos limpos existentes para a reutilización ou reciclaxe na nosa Comunidade Autónoma.

d) Destinatarias: as entidades locais municipais e supramunicipais e agrupacións de entidades locais de Galicia, de conformidade coas competencias que lles correspondan en materia de xestión de residuos. Se a entidade ten as competencias en materia de xestión de residuos delegadas noutra entidade, será esta última a que poderá solicitar estas axudas.

e) Porcentaxe de financiamento e concorrència con outras subvencións: o financiamento máximo outorgado para as actuacións reguladas nesta orde de axudas non excede o 90 % do custo total subvencionable do proxecto, salvo naqueles casos en que a entidade solicitante propuxo unha porcentaxe de cofinanciamento superior ao 10 % para os efectos do establecido no artigo 14 (criterios de valoración). A dita porcentaxe de cofinanciamento xunto con, de ser o caso, outros gastos non subvencionables, en particular o imposto sobre o valor engadido (IVE), serán asumidos pola entidade beneficiaria e será compatible co



financiamento que os beneficiarios poidan recibir doutras administracións, sempre e cando non supere o custo total do proxecto que se vai financiar.

O financiamento achegado non é compatible cos proxectos Clima, promovidos a través do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable (FES-CO2), así como con axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outro fondo europeo, tales como o Feder, REACT-UE, FSE, Feader, Horizonte Europa, etcétera, nos termos sinalados no artigo 23 das bases reguladoras.

f) Período subvencionable e prazo de execución: os proxectos subvencionables deberán observar o establecido no artigo 21 da convocatoria, en particular polo que atinxe á data límite do 30 de novembro de 2022, tanto para a execución das actuacións subvencionables como para a presentación da documentación xustificativa dos investimentos.

g) Xustificación da subvencións: os beneficiarios das axudas quedan obrigados a acreditar, no prazo máximo a que se refire o punto anterior (30 de novembro de 2022), a realización dos proxectos subvencionados e a xustificar a totalidade do orzamento consonte o remitido nas súas memorias.

A xustificación terá que axustarse ao sinalado nos artigos 22 e 23 da Orde do 1 de decembro de 2021 (DOG núm. 238, do 14 de decembro).

h) Requisitos que hai que observar: tal e como se especifica nos artigos referidos no puntos anteriores, entre a documentación acreditativa da xustificación requirida deberase acompañar a relativa ao cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3, número 2 das bases reguladoras.

Así mesmo, segundo o regulado no artigo 4, punto 4 da convocatoria, sen prexuízo do que resulte de aplicación segundo o disposto na normativa aplicable en materia de contratación pública vixente na tramitación do procedemento de contratación e, se é o caso, respecto de contrato menor con adxudicación directa, no caso desta última o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

i) Aceptación e renuncia da subvencións: transcorridos 10 días hábiles desde a súa notificación sen que a entidade beneficiaria comunicase expresamente a súa renuncia á



subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiaria.

A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se comunicase a renuncia, ditarase a correspondente resolución que se notificará ao interesado por medios electrónicos.

j) Pagamento da axuda e posibilidade de solicitar anticipo: de conformidade co preceptuado no artigo 24 da convocatoria, o pagamento das axudas efectuarase con cargo ao exercicio orzamentario, unha vez efectuado o investimento ou realizado o gasto ou a actividade subvencionable e logo da presentación por parte da entidade beneficiaria da solicitude de aboamento e da xustificación requirida nestas bases reguladoras.

Poderá anticiparse ata o 50 % do importe concedido, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, no artigo 63 do Decreto 11/2009 e nesta convocatoria. As entidades beneficiarias que queiran acollerse á modalidade de pagamento anticipado deberán manifestalo expresamente no prazo máximo de 10 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación da resolución de concesión, mediante a presentación da correspondente solicitude de pagamento anticipado, empregando o modelo que se incorpora como anexo VI.

De non presentar a solicitude de pagamento anticipado enténdese que a entidade solicitante renuncia ao anticipo. Neste caso, o pagamento das axudas levarase a cabo unha vez efectuado o investimento ou realizado o gasto ou actividade e logo da presentación por parte da entidade beneficiaria, no prazo establecido, da documentación xustificativa a que se refire o artigo anterior.

k) Modificación da resolución: toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, o órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, sempre que se cumpran os límites



e os requisitos recollidos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

l) Recursos: as resolucións ditadas ao abeiro destas bases porán fin á vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou ben impugnala directamente diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución é expresa, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático

ANEXO I Beneficiarios

Nº de expediente	Nome do solicitante	Provincia	Liña subvencionable	Total gastos subvencionables	Porcentaxe cofinanciamento por parte da entidade local	Importe subvención resultante (ata o 90 % do custo subvencionable co límite da contía máxima establecida)
ATPM-001-2022-RES	Vimianzo	Coruña (A)	LIÑA 1-ACEITE	12.190,07 €	11,00 %	10.849,16 €
ATPM-002-2022-RES	Ribadeo	Lugo	LIÑA 3-PLM	14.998,00 €	10,00 %	13.498,20 €
ATPM-003-2022-RES	Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria Terra de Celanova (Celanova, A Merca, Vereá, Quintela de Leirado, Gomesende, Pontedeva, Ramirás e Cartelle)	Ourense	LIÑA 3-PLM	70.661,16 €	10,00 %	63.595,04 €
ATPM-004-2022-RES	Folgo do Courel	Lugo	LIÑA 3-PLM	73.900,00 €	14,00 %	63.554,00 €
ATPM-005-2022-RES	Arteixo	Coruña (A)	LIÑA 1-ACEITE	15.500,00 €	10,00 %	13.950,00 €
ATPM-007-2022-RES	Malpica de Bergantiños	Coruña (A)	LIÑA 1-ACEITE	11.200,00 €	10,00 %	10.080,00 €
ATPM-008-2022-RES	Monforte de Lemos	Lugo	LIÑA 1-ACEITE	6.996,00 €	10,00 %	6.296,40 €
ATPM-009-2022-RES	A Pontenova	Lugo	LIÑA 3-PLM	49.090,00 €	10,00 %	44.181,00 €
ATPM-010-2022-RES	Foz	Lugo	LIÑA 3-PLM	49.001,35 €	10,00 %	44.101,22 €



Nº de expediente	Nome do solicitante	Provincia	Liña subvencionable	Total gastos subvencionables	Porcentaxe cofinanciamento por parte da entidade local	Importe subvención resultante (ata o 90 % do custo subvencionable co límite da contía máxima establecida)
ATPM-011-2022-RES	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	LIÑA 1-ACEITE	8.800,00 €	10,00 %	7.920,00 €
ATPM-012-2022-RES	Redondela	Pontevedra	LIÑA 1-ACEITE	3.600,00 €	11,00 %	3.204,00 €
ATPM-013-2022-RES	Redondela	Pontevedra	LIÑA 3-PLM	71.000,00 €	11,00 %	63.190,00 €
ATPM-014-2022-RES	Boqueixon	Coruña (A)	LIÑA 3-PLM	59.000,00 €	10,00 %	53.100,00 €
ATPM-015-2022-RES	Ares	Coruña (A)	LIÑA 3-PLM	71.000,00 €	11,00 %	63.190,00 €
ATPM-016-2022-RES	Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín (Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Verín e Vilardevós)	Ourense	LIÑA 3-PLM	105.000,00 €	11,00 %	93.450,00 €
ATPM-017-2022-RES	Muros	Coruña (A)	LIÑA 3-PLM	9.360,00 €	10,00 %	8.424,00 €
ATPM-018-2022-RES	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	LIÑA 3-PLM	53.799,90 €	10,00 %	48.419,91 €
ATPM-020-2022-RES	Laxe	Coruña (A)	LIÑA 1-ACEITE	6.800,00 €	23,1177 %	5.228,00 €
ATPM-022-2022-RES	O Rosal	Pontevedra	LIÑA 3-PLM	65.244,00 €	10,00 %	58.719,60 €
ATPM-027-2022-RES	A Pastoriza	Lugo	LIÑA 2-TEXTIL	6.145,00 €	10,00 %	5.530,50 €
ATPM-029-2022-RES	Arzua	Coruña (A)	LIÑA 3-PLM	65.450,00 €	25,00 %	49.087,50 €
ATPM-035-2022-RES	Carballo	Coruña (A)	LIÑA 2-TEXTIL	2.000,00 €	11,00 %	1.780,00 €
ATPM-038-2022-RES	Melide	Coruña (A)	LIÑA 3-PLM	46.946,28 €	10,00 %	42.251,65 €
ATPM-039-2022-RES	Salceda de Caselas	Pontevedra	LIÑA 3-PLM	27.000,00 €	10,00 %	24.300,00 €
ATPM-040-2022-RES	Palas Rei	Lugo	LIÑA 3-PLM	70.500,00 €	10,00 %	63.450,00 €
ATPM-041-2022-RES	Aranga	Coruña (a)	LIÑA 3-PLM	49.902,25 €	11,00 %	44.413,00 €
ATPM-043-2022-RES	Brión	Coruña (a)	LIÑA 3-PLM	58.000,00 €	11,00 %	51.620,00 €
ATPM-044-2022-RES	O Corgo	Lugo	LIÑA 3-PLM	83.000,00 €	15,66 %	70.000,00 €
ATPM-045-2022-RES	Chantada	Lugo	LIÑA 3-PLM	26.666,49 €	15,00 %	22.666,52 €
ATPM-046-2022-RES	Viveiro	Lugo	LIÑA 3-PLM	47.395,79 €	10,00 %	42.656,21 €
ATPM-047-2022-RES	Agrupación de Castroverde, Baleira e Pol	Lugo	LIÑA 3-PLM	107.000,00 €	25,23 %	80.000,00 €
ATPM-048-2022-RES	Boiro	Coruña (A)	LIÑA 3-PLM	14.900,00 €	10,00 %	13.410,00 €
ATPM-050-2022-RES	A Pobra do Caramiñal	Coruña (A)	LIÑA 1-ACEITE	2.800,00 €	10,00 %	2.520,00 €
ATPM-051-2022-RES	A Pobra do Caramiñal	Coruña (A)	LIÑA 2-TEXTIL	2.000,00 €	10,00 %	1.800,00 €
ATPM-053-2022-RES	Ortigueira	Coruña (A)	LIÑA 3-PLM	60.000,00 €	10,00 %	54.000,00 €
ATPM-056-2022-RES	Meaño	Pontevedra	LIÑA 3-PLM	56.371,90 €	12,00 %	49.607,27 €
ATPM-057-2022-RES	Marín (I)	Pontevedra	LIÑA 1-ACEITE	4.840,00 €	10,00 %	4.356,00 €
ATPM-057-2022-RES	Marín (II)	Pontevedra	LIÑA 2-TEXTIL	7.200,00 €	10,00 %	6.480,00 €
ATPM-058-2022-RES	Agrupación dos concellos de Baltar e Os Brancos	Ourense	LIÑA 3-PLM	59.668,02 €	10,00 %	53.701,22 €
ATPM-059-2022-RES	Lugo	Lugo	LIÑA 3-PLM	41.000,00 €	10,00 %	36.900,00 €



Nº de expediente	Nome do solicitante	Provincia	Liña subvencionable	Total gastos subvencionables	Porcentaxe cofinanciamento por parte da entidade local	Importe subvención resultante (ata o 90 % do custo subvencionable co límite da contía máxima establecida)
ATPM-060-2022-RES	Lugo	Lugo	LIÑA 1-ACEITE	13.350,00 €	10,00 %	12.015,00 €
ATPM-064-2022-RES	Cee	Coruña (A)	LIÑA 1-ACEITE	16.875,00 €	12,00 %	14.850,00 €
ATPM-065-2022-RES	Agrupación dos concellos do Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín	Ourense	LIÑA 3-PLM	60.000,00 €	10,00 %	54.000,00 €
ATPM-066-2022-RES	Dumbria	Coruña (A)	LIÑA 3-PLM	58.000,00 €	10,00 %	52.200,00 €
ATPM-068-2022-RES	Narón	Coruña (A)	LIÑA 1-ACEITE	10.395,00 €	12,00 %	9.147,60 €
ATPM-069-2022-RES	Narón	Coruña (A)	LIÑA 3-PLM	42.000,00 €	10,00 %	37.800,00 €
ATPM-070-2022-RES	Santa Comba	Coruña (A)	LIÑA 1-ACEITE	11.673,02 €	10,00 %	10.505,72 €
ATPM-073-2022-RES	Ribeira	Coruña (A)	LIÑA 3-PLM	59.808,02 €	11,00 %	53.229,14 €
ATPM-074-2022-RES	O Grove	Pontevedra	LIÑA 3-PLM	48.000,00 €	11,00 %	42.720,00 €
ATPM-075-2022-RES	Noia	Coruña (A)	LIÑA 3-PLM	58.000,00 €	15,00 %	49.300,00 €
ATPM-078-2022-RES	Frades	Coruña (A)	LIÑA 1-ACEITE	12.400,00 €	10,00 %	11.160,00 €
ATPM-079-2022-RES	Villalba	Lugo	LIÑA 3-PLM	65.450,00 €	10,00 %	58.905,00 €
ATPM-080-2022-RES	Mondoñedo	Lugo	LIÑA 3-PLM	23.500,00 €	10,00 %	21.150,00 €
ATPM-083-2022-RES	O Carballiño	Ourense	LIÑA 3-PLM	60.000,00 €	10,00 %	54.000,00 €
ATPM-084-2022-RES	Ordes (I)	Coruña (A)	LIÑA 1-ACEITE	16.848,00 €	10,00 %	15.000,00 €
ATPM-084-2022-RES	Ordes (II)	Coruña (A)	LIÑA 2-TEXTIL	16.530,00 €	10,00 %	14.877,00 €
ATPM-084-2022-RES	Ordes (III)	Coruña (A)	LIÑA 3-PLM	77.780,01 €	10,00 %	70.000,00 €
ATPM-087-2022-RES	Pantón	Lugo	LIÑA 3-PLM	56.700,00 €	10,00 %	51.030,00 €
ATPM-088-2022-RES	Agrupación Voluntaria de Moraña, Portas e Campo Lameiro	Pontevedra	LIÑA 3-PLM	60.000,00 €	10,00 %	54.000,00 €
ATPM-089-2022-RES	Agrupación Voluntaria de Trazo-Val do Dubra	Coruña (A)	LIÑA 3-PLM	75.000,00 €	10,00 %	67.500,00 €
ATPM-092-2022-RES	Agrupación Voluntaria Guitiriz-Xermade	Lugo	LIÑA 3-PLM	60.793,11 €	11,00 %	54.105,87 €
ATPM-093-2022-RES	Mancomunidade de concellos do Morrazo (Cangas, Moaña e Bueu)	Pontevedra	LIÑA 1-ACEITE	7.601,50 €	10,00 %	6.841,35 €

ANEXO II

Non beneficiarios

ATPM-054-2022-RES	Neda	P1505600E	LIÑA 3-PLM	Non beneficiario
ATPM-055-2022-RES	Cedeira	P1502200G	LIÑA 3-PLM	Non beneficiario
ATPM-061-2022-RES	Vilanova de Arousa	P3606100J	LIÑA 3-PLM	Non beneficiario
ATPM-062-2022-RES	Tomioño	P3605400E	LIÑA 3-PLM	Renuncia
ATPM-063-2022-RES	Baiona	P3600300B	LIÑA 3-PLM	Non beneficiario
ATPM-067-2022-RES	Pedrafita do Cebreiro	P2704500D	LIÑA 3-PLM	Desistido/non emendado



ATPM-071-2022-RES	Santa Comba	P1507800I	LIÑA 3-PLM	Non beneficiario
ATPM-072-2022-RES	Outes	P1506300A	LIÑA 1-ACEITE	Desistido/non emendado
ATPM-076-2022-RES	Laxe	P1504100G	LIÑA 3-PLM	Non beneficiario
ATPM-077-2022-RES	Valdoviño	P1508800H	LIÑA 3-PLM	Desistido/non emendado
ATPM-081-2022-RES	Rianxo	P1507300J	LIÑA 3-PLM	Desistido/non emendado
ATPM-082-2022-RES	Salvaterra de Miño	P3605000C	LIÑA 3-PLM	Non beneficiario
ATPM-085-2022-RES	Vilar de Santos	P3209100A	LIÑA 1-ACEITE	Desistido/non emendado
ATPM-086-2022-RES	Vilar de Santos	P3209100A	LIÑA 2-TEXTIL	Desistido/non emendado
ATPM-090-2022-RES	Carballeda de Avia	P3201900B	LIÑA 1-ACEITE	Desistido/non emendado
ATPM-091-2022-RES	Carballeda de Avia	P3201900B	LIÑA 2-TEXTIL	Desistido/non emendado

